Orde do 2 de novembro de 2026 pola que se establecen os criterios para a cualificación dos centros, unidades, aulas e postos docentes de especial dificultade, dependentes desta consellería, na Comunidade Autónoma de Galicia

Última versión

A Orde do 18 de outubro de 2010 estableceu a relación de centros e postos cualificados de especial dificultade na Comunidade Autónoma de Galicia. Posteriormente, mediante a Orde do 6 de novembro de 2017 actualizáronse os anexos da dita orde, actualización que foi obxecto dunha corrección de erros publicada no Diario Oficial de Galicia do 24 de novembro de 2017.

Así mesmo, a Orde do 22 de outubro de 2021 (DOG núm. 210, do 2 de novembro) incorporou un novo anexo relativo aos centros de menores.

O Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, polo que se regula o concurso de traslados de ámbito estatal entre o persoal funcionario dos corpos docentes recollidos na Lei orgánica 2 /2006, do 3 de maio, de educación, e outros procedementos de provisión de prazas para cubriren estes, modificado polo Real decreto 677/2024, do 16 de xullo, establece as especificacións a que deben axustarse os baremos na adxudicación de destinos por medio dun concurso de traslados de ámbito estatal nos corpos de funcionarios docentes que imparten docencia.

Unha das especificacións que se debe ter en conta nos correspondentes baremos é o desempeño de postos de traballo que se poidan considerar de especial dificultade.

O tempo transcorrido desde a aprobación das ordes anteriores, os cambios producidos nas condicións de funcionamento de diversos centros e a aparición de novas necesidades fan necesaria a aprobación duns criterios para a cualificación dos centros, unidades, aulas e postos docentes de especial dificultade, así como un procedemento para a actualización anual da súa relación.

Así mesmo, resulta necesario garantir a conservación dos efectos das cualificacións de especial dificultade recoñecidas ao abeiro da normativa anterior, incluídos os períodos correspondentes a centros, unidades, aulas ou postos docentes que posteriormente fosen suprimidos, pechados ou integrados noutros centros.

En consecuencia, co obxecto de dotar de maior claridade, coherencia e seguridade xurídica esta materia e no exercicio das competencias atribuídas, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

DISPÓN:

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Primeiro. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Esta orde ten por obxecto establecer os criterios para a cualificación dos centros, unidades, aulas e postos docentes de especial dificultade nos centros públicos docentes non universitarios dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A cualificación prevista nesta orde terá efectos na valoración do mérito relativo ao desempeño de postos de especial dificultade nos concursos de traslados do persoal funcionario docente dos corpos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2 /2006, do 3 de maio, de educación, na súa redacción vixente, de acordo co disposto na normativa aplicable.

Segundo. Criterios para a cualificación de centros, unidades, aulas e postos docentes de especial dificultade

1. Para os efectos da valoración do mérito relativo ao desempeño de postos de especial dificultade nos concursos de traslados do persoal funcionario docente, cualifícanse como tales os postos desempeñados nos centros, unidades e aulas que se relacionan a continuación:

a) Escolas unitarias.

b) Centros de educación especial.

c) Aulas específicas de educación especial situadas en centros ordinarios. A cualificación limitarase aos postos docentes que comporten atención directa ao alumnado escolarizado nestas aulas.

d) Centros de educación permanente de persoas adultas situados en centros penitenciarios.

e) Centros de menores.

f) Aulas hospitalarias. A cualificación limitarase aos postos docentes que comporten atención directa ao alumnado destas aulas.

2. A cualificación dos centros, unidades, aulas e postos docentes deberá axustarse aos criterios establecidos nesta orde e ás condicións de funcionamento efectivas existentes en cada curso escolar.

Terceiro. Publicación dos postos cualificados de especial dificultade

1. A relación dos centros, unidades, aulas e postos docentes que teñan a consideración de especial dificultade en cada curso escolar determinarase mediante unha resolución da dirección xeral competente en materia de centros e recursos humanos, de conformidade cos criterios establecidos nesta orde. Esta consideración será efectiva desde o inicio de cada curso escolar.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

2. A resolución publicarase con anterioridade ao prazo de presentación de solicitudes no concurso xeral de traslados correspondente a cada curso escolar.

3. A relación actualizarase anualmente, tendo en conta as modificacións que se produzan na organización, no funcionamento e nas características dos centros, unidades e aulas, así como as demais circunstancias relevantes para a aplicación dos criterios establecidos nesta orde.

Cuarto. Recoñecemento dos servizos prestados en postos de especial dificultade

1. O persoal docente que desempeñase postos cualificados de especial dificultade manterá, cando así lle corresponda de conformidade coa normativa reguladora do concurso de traslados, o dereito á valoración dos servizos prestados durante o período en que tales postos tivesen esa consideración, aínda que posteriormente o centro, unidade, aula ou posto perda a cualificación ou deixe de estar en funcionamento.

2. A supresión, o peche ou a integración dun centro noutro, así como a modificación da súa denominación ou do seu código, non afectarán o recoñecemento da cualificación de especial dificultade dos postos docentes durante os períodos en que tivesen esa consideración.

3. Para os efectos previstos nos puntos anteriores, teranse en conta as cualificacións de especial dificultade recoñecidas de conformidade coa normativa vixente no momento da prestación dos servizos.

Disposición derrogatoria única. Derrogación normativa

Quedan derrogadas as seguintes disposicións:

a) Orde do 18 de outubro de 2010 pola que se establecen os centros e postos cualificados de especial dificultade na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Orde do 6 de novembro de 2017 pola que se actualizan os anexos da Orde do 18 de outubro de 2010 pola que se establecen os centros e postos cualificados de especial dificultade na Comunidade Autónoma de Galicia.

c) Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se engade un anexo V á Orde do 18 de outubro de 2010 pola que se establecen os centros e postos cualificados de especial dificultade na Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira primeira. Habilitación para o desenvolvemento e a aplicación

Facúltase a persoa titular da dirección xeral competente en materia de centros e recursos humanos para ditar cantas resolucións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta orde, no ámbito das súas competencias.

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2026

Román Rodríguez González

Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Este documento es de carácter informativo y no tiene valor jurídico. Está elaborado únicamente a partir de las normas publicadas en Lex.gal. Consulte la información contenida al respeto en la sección de preguntas frecuentes.